



## Concello de Monterroso

---

Decreto.- Monterroso, 10 de maio de 2019

Visto que se tramitou o correspondente expediente para a contratación de 01 peón xestión biomasa (Peón Forestal), persoal laboral temporal, contratación subvencionada con cargo a axuda outorgada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao abeiro da orde do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL).

Logo da xuntanza do tribunal de selección de data 08/05/2019 e da proposta e publicación de relación de aprobados pola orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios e na páxina web [www.monterroso.es](http://www.monterroso.es) ós efectos da súa elevación ao Alcalde-Presidente do Concello de Monterroso para a súa aprobación, no prazo de 1 día hábil outorgado para reclamacións presentouse a seguinte:

- D. Fernando Mosquera Louzao con data de 09/05/2019 RC1192 no cal solicitaba a revisión e a inclusión de contratos celebrados coa empresa SOGADER, S.L. dos cales non tiña contratos por extravío.

Unha vez vistos os requisitos establecidos na base sétima para valorar os méritos por experiencia: ***“Estes méritos acreditaranse mediante copia dos correspondentes contratos de traballo, certificado empresa ou certificación expedida polo funcionario competente do organismo correspondente que reflicte o corpo ou grupo profesional de pertenza e as tarefas desempeñadas, xunto co informe de vida laboral”***. Resulta que D. Fernando Mosquera Louzao aporta contrato laboral coa empresa SOGADER, S.L. dende o día 24/07/2017 ata 23/12/2017 que figura igualmente na súa vida laboral. O resto de periodos que D. Fernando Mosquera Louzao sinala na súa reclamación como traballados coa empresa SOGADER, S.L. (dende o día 06/02/2018 ao 17/08/2018 e dende o 31/08/2018 a 26/09/2018) e que efectivamente figuran na súa vida laboral non se poden ter en conta posto que non presenta contratos de traballo nin ningún outro documento que o substitúa, xa que como indica D. Fernando Mosquera Louzao non os ten por extravío

O Tribunal de Selección en sesión mantida o día 10/05/2019, por unanimidade e con iguais criterios de valoración para todos os aspirantes considera que desestima a reclamación efectuada por D. Fernando Mosquera Louzao e polo tanto estima correcta a puntuación outorgada ó interesado.

Polo exposto, e unha vez resolta esta reclamación, resolvo:

---

**Concello de Monterroso**

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



## Concello de Monterroso

---

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación á relación de aprobados pola orde de puntuación proposta polo Tribunal de selección nas xuntanzas realizadas os días 08 e 10 de maio de 2019:

APELIDOS E NOME	EXPERIENCIA	CURSOS	ANT. PARO	RESPONSABILIDADES	TOTAL
BLANCO SANDA DIEGO	Non presentou instancia nin documentación				
EXPOSITO OTERO ALBERTO	Non presentou instancia nin documentación				
EXPOSITO GONZALEZ JOSE	Non presentou carnet de conducir				
GARCIA ALBOR OLEGARIO	Non presentou carnet de conducir				
LOPEZ SOENGAS JAVIER	0,00	0,00	0,60	1,00	1,60
MOSQUERA LOUZAO FERNANDO	0,50	0,20	0,70	0,00	1,40
PRIETO VARELA VERONICA	Non presentou carnet de conducir				
SERRANO GONZALEZ JUAN MANUEL	Non presentou carnet de conducir				
VARELA VAZQUEZ CESAREO	0,00	0,00	1,30	0,50	1,80
VAZQUEZ VILA JOSE LUIS	0,00	0,10	2,00	0,00	2,10

**SEGUNDO.-** Notifíquese aos interesados con indicación dos recursos que contra esta resolución proceden. Publíquese na web [www.monterroso.es](http://www.monterroso.es) e no taboleiro de edictos do Concello.

Mándao e asíno o señor alcalde, do que eu, secretaria, dou fe.

O 1ª TTe. Alcalde  
(Decreto 27/03/2019)

Marcelino Vázquez García

A secretaria-Interventora

Maria del Pilar Darriba Muñoz